



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DE CIRCO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A PROMOCIÓN, VISIBILIZACIÓN E FOMENTO DO NOVO CIRCO GALEGO EN 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación de Profesionais de Circo de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento de actividades para a promoción, visibilización e fomento do novo circo galego durante o ano 2026, que organiza a Asociación de Profesionais de Circo de Galicia:

- Curso "Montaña rusa emocional", impartido polo clown e pedagogo Pedro Fabiao, que abordará a relación co público, o uso expresivo das emocións, a improvisación, a estrutura de xogo e autenticidade escénica. Respondendo á demanda de formación avanzada en clown e teatro físico no sector galego, este curso desenvolverase entre o 20 e o 22 de abril en Culleredo.
- Cursos de capacitación técnica en xestión asociativa e económico-financeira, impartidos por César Valencia Rodríguez, que se desenvolverán a través de dúas formacións en liña dirixidas a persoas asociadas ou doutras entidades do sector que desempeñan tarefas de coordinación, produción ou xestión, reforzando a sustentabilidade da APCG e mellorando as competencias profesionais dos participantes.
- Arquivo do novo circo galego, formado polo censo de artistas, estudo estatístico do sector circense e videoteca histórica do novo circo galego, un traballo vivo e continuo que neste ano se centrará na indexación, que se executará entre os meses de maio a setembro, e a migración e actualización da web, que permitirá modernizar a súa imaxe e funcionalidade coa pretensión de poder integrarse no Observatorio do Teatro Galego.
- Terceira edición dos Premios de Novo Circo Galego Manu Lago, iniciativa que se consolida como referente no sector, que recoñece tres categorías: "Premio Manu Lago de recoñecemento do novo circo galego", outorgado a artista, compañía, entidade ou persoa para recoñecer o seu labor na visibilización, promoción e difusión no novo circo; "Premio Manu Lago ao mellor espectáculo de rúa" e "Premio Manu Lago ao mellor espectáculo de sala", e que celebrará a cerimonia de entrega no mes de outubro no Teatro Principal de Santiago de Compostela.





- Actividades conmemorativas do Día Mundial do Circo, co desenvolvemento de actuacións circenses e de xornadas de difusión na Facultade de INEF da Universidade da Coruña, que teñen como obxectivo principal achegar o circo a novos públicos e fomentar a súa percepción como unha saída profesional viable.
- Actividades de promoción do circo galego fóra de Galicia, coa participación nas asembleas de representantes das diversas asociacións estatais que terá lugar de maneira presencial en Granada e a asistencia á Fira Trapezi, referente internacional desde 1997, feria básica do circo contemporáneo que reúne a compañías, programadoras e axentes culturais nun contexto que combina exhibición artística e espazos de coñecemento mutuo, que terá lugar entre 13 e o 17 de maio de 2026 en Reus.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación de Profesionais de Circo de Galicia é unha entidade que representa os profesionais do novo circo galego. Fundada no ano 2011, ten como obxectivo aunar o sector do circo na comunidade galega, proporcionar un ente que facilite a interlocución cos organismos públicos e que aglutine a todos os profesionais do sector, incluíndo creadores, artistas, xestores, produtores, distribuidores e programadores. A asociación busca dar unha identidade propia ao circo en Galicia, recoñecendo e potenciando esta arte escénica como clave para a cultura e como un ben de interese público presente na vida cultural, social, educativa e económica da comunidade. A Asociación, atendendo aos seus fins, vén desenvolvemento de forma unha serie de iniciativas que redundan na defensa e potenciación deste sector artístico, que se consolidou como oferta cultural na nosa comunidade nas últimas dúas décadas. Ademais do seu importante traballo nas diferentes comisións das que forma parte, e na súa participación nos congresos e mesas máis relevantes do sector nos últimos anos, a entidade centra unha parte importante do seu labor no ámbito formativo, promovendo formación específica e de interese para os profesionais do circo, e tamén no ámbito investigador, centrando os seus esforzos na construción do que será o Arquivo do Novo Circo Galego, un ambicioso traballo, pioneiro en Galicia, que pretende visibilizar e deixar rexistro da historia actual do novo circo na nosa comunidade. Iniciativas ás que hai que engadir a creación dos primeiros premios do circo galego, que pretenden darlle visibilidade a este sector da cultura, como ocorre cos Mestre Mateo no eido audiovisual, os María Casares no ámbito escénico e os Códax na música.

A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo ese esforzo no fomento do sector do circo que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a





visibilidade deste sector da cultura, de divulgar e normalizar o circo en todas as súas modalidades e de situalo á par doutras artes escénicas.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrência para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que desenvolve unha actividade deste tipo. O carácter representativo da entidade, ao ser a asociación representativa do sector do circo en Galicia, que aglutina na actualidade a 44 persoas asociadas entre artistas, compañías, produtores e outros axentes relacionados coa cultura circense, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización do convenio de colaboración.

A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o apoio á Asociación no desenvolvemento das actividades conveniadas propósito de promover a proxección, tanto interior coma exterior, dos profesionais do circo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

